



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



BASES DE CONDICIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS PARA O OUTORGAMENTO DE ATA QUINCE AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS PARA A PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE ENSINANZA DE SURF E DISCIPLINAS AFÍNS NAS PRAIAS DO TERMO MUNICIPAL DE VALDOVIÑO, AGÁS CAMPELO.

I. ANTECEDENTES

Primeiro

Con data 19 de maio de 2025 publicouse no Boletín Oficial do Estado o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, de traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral, en virtude do cal quedaron traspasadas á dita comunidade autónoma, entre outras a xestión e o outorgamento das autorizacións dos usos de tempada nas praias e no mar territorial.

Segundo

Con data 1 de xullo de 2025 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 50/2025, do 30 de xuño, polo que a Comunidade Autónoma de Galicia asume as funcións e servizos traspasados pola Administración do Estado en materia de ordenación e xestión do litoral.

Terceiro

Con data 29 de outubro de 2025, o Concello de Valdoviño presentou ante a administración competente en materia de litoral solicitude de autorización para a explotación dos servizos de tempada, de conformidade coas instalacións e actividades descritas no correspondente Plan de explotación dos servizos de tempada.

Cuarto

O Plan de Explotación do Dominio Público Marítimo-Terrestre do Concello de Valdoviño redactase como instrumento de ordenación municipal dos servizos de tempada. No dito plan prevese, para as actividades de ensinanza de surf e disciplinas afíns, un máximo de quince (15) autorizacións municipais, nas praias do termo municipal agás Campelo, con desenvolvemento da actividade sen instalacións fixas. Así mesmo, o plan diferencia expresamente estas autorizacións das correspondentes a quioscos e instalacións de servizo.

Quinto

A Resolución de autorización ao Concello de Valdoviño da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, de 18 de febreiro de 2026, constitúe o marco habilitante ao que deben axustarse as autorizacións municipais de escolas de surf obxecto das presentes bases. En consecuencia, o seu ámbito temporal queda referido ao ano 2026, sen prexuízo da posibilidade



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



de prórroga nos termos previstos na propia resolución e previa tramitación do procedemento que legalmente corresponda.

Sexto

A resolución autorizatoria e o plan municipal distinguen entre as autorizacións para escolas de surf e as correspondentes a quioscos ou instalacións de servizo, polo que, para os efectos de seguridade xurídica e adecuada delimitación do obxecto, o Concello tramita bases diferenciadas, referíndose as presentes exclusivamente ás escolas de surf.

Sétimo

Correspóndelle á Administración xeral do Estado a fixación do importe dos canons pola utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre, así como a titularidade dos dereitos económicos derivados da dita utilización ou aproveitamento, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do Regulamento Xeral de Costas.

II. DISPOSICIÓNS XERAIS

Base 1. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento para o outorgamento, en réxime de concorrência competitiva, de ata quince (15) autorizacións municipais para a prestación de actividades de ensinanza, iniciación, formación e perfeccionamento en surf e disciplinas afíns nas praias do termo municipal de Valdoviño.

O Concello de Valdoviño regula e limita o outorgamento destas autorizacións a un máximo de quince (15), así como a ocupación dos espazos destinados a estas actividades nas praias do termo municipal, agás na praia de Campelo, que queda expresamente excluída do ámbito de autorización por razóns de protección e seguridade, co fin de garantir o seu desenvolvemento seguro e ordenado, a seguridade de bañistas e demais persoas usuarias, a compatibilidade entre os distintos usos da praia e a protección do medio litoral.

As autorizacións municipais para os servizos de formación e ensinanza de surf e disciplinas afíns serán independentes da obtención de calquera outras autorizacións, licenzas, permisos, comunicacións previas ou títulos habilitantes que resulten esixibles por razón da actividade ou da normativa sectorial aplicable.

As presentes bases refírense exclusivamente ás autorizacións relativas a escolas de surf, quedando expresamente excluídas as relativas a quioscos, chiringuitos ou instalacións de servizo, que serán obxecto de bases independentes.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 2. Natureza xurídica

As autorizacións obxecto das presentes bases teñen natureza de autorizacións administrativas, outorgadas polo Concello de Valdoviño no marco da Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026.

Base 3. Réxime xurídico aplicable

O presente procedemento rexerase por:

- a) a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas;
- b) o Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas;
- c) o Real decreto 394/2025, do 13 de maio, e o Decreto 50/2025, do 30 de xuño, en canto determinan o marco competencial vixente en Galicia;
- d) a Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, pola que se autoriza a explotación dos servizos de tempada do Concello de Valdoviño.
- e) o Plan de Explotación do Dominio Público Marítimo-Terrestre do Concello de Valdoviño;
- f) a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas;
- g) a normativa de réxime local aplicable;
- h) as presentes bases e a demais documentación incorporada ao procedemento.
- i) Guía de instalacións e actividades de tempada no litoral de Galicia para o ano 2026, da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático

Base 4. Subordinación á resolución habilitante

As autorizacións municipais obxecto das presentes bases outórganse en execución, desenvolvemento e dentro do estrito marco da Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026 a favor do Concello de Valdoviño.

Ningunha previsión das presentes bases poderá interpretarse en sentido máis amplo ou incompatible coa citada resolución, que prevalecerá en todo caso.

As presentes autorizacións teñen carácter condicionado e precario, polo que o Concello poderá acordar a súa revogación ou extinción anticipada en caso de incumprimento das condicións establecidas ou por razóns de interese público, sen dereito a indemnización.

O outorgamento destas autorizacións non exclúe nin substitúe a necesidade de obter cantas licenzas, permisos, autorizacións, declaracións responsables ou demais títulos habilitantes resulten legalmente esixibles por razón da actividade ou da normativa sectorial aplicable.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



A perda de vixencia, modificación, suspensión ou revogación de dita resolución comportará a adaptación, suspensión ou extinción das autorizacións municipais outorgadas ao seu abeiro, sen dereito a indemnización fronte ao Concello.

As autorizacións municipais outorgadas ao abeiro das presentes bases quedarán igualmente suxeitas ao cumprimento das condicións xerais, técnicas, ambientais e de ocupación recollidas na Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026, e nos seus anexos, así como nos informes incorporados ao expediente que resulten aplicables.

Base 5. Finalidade pública

A finalidade das presentes bases é ordenar e garantir o desenvolvemento seguro e ordenado das actividades de ensinanza de surf e disciplinas afíns nas praias do termo municipal de Valdoviño, asegurando a seguridade das persoas usuarias, a compatibilidade co uso común xeral das praias e a protección do medio litoral.

O outorgamento das autorizacións deberá contribuír a un uso seguro, equilibrado e ordenado do dominio público marítimo-terrestre, sen menoscabo do baño libre, da convivencia entre usos nin das condicións ambientais e de conservación da contorna.

III. ÁMBITO, PRAZO E RÉXIME ECONÓMICO

Base 6. Número máximo, ámbito territorial e condicións de implantación

1. O número máximo de autorizacións para outorgar será de quince (15).
2. As autorizacións poderán desenvolverse nas praias do termo municipal de Valdoviño, agás na praia de Campelo, e sempre dentro dos espazos, condicións e limitacións que resulten da normativa reguladora.
3. O Concello de Valdoviño, por razóns de seguridade, poderá situar diariamente as entidades autorizadas nas zonas de auga delimitadas polo Servizo de Salvamento e Socorrismo e polos demais servizos municipais competentes.
4. O exercicio da actividade non implica dereito ningún á ocupación exclusiva ou excluínte do areal ou da auga fronte ao resto de persoas usuarias das praias, debendo realizarse no areal con carácter auxiliar e residual respecto da actividade principal, que se desenvolverá prioritariamente na auga.
5. A autorización municipal habilita unicamente para o desenvolvemento da actividade docente autorizada, sen atribuír dereito ningún á reserva, ocupación ou disposición permanente de artefactos, elementos ou material na praia, e en todo caso sen instalacións fixas e con ocupación limitada aos elementos necesarios.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 7. Prazo de duración

As autorizacións que se concedan ao abeiro das presentes bases terán vixencia durante o ano 2026, dentro do marco temporal fixado na Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026.

Dita vixencia poderá ser obxecto, se é o caso, de prórroga, sempre que así resulte posible conforme ao disposto na resolución habilitante e previa adopción do acordo ou acto administrativo que legalmente proceda.

Base 8. Canon

A fixación do importe do canon e a titularidade dos dereitos económicos derivados da utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre correspóndenlle á Administración xeral do Estado, en virtude do establecido nos artigos 181 e 182 do Regulamento Xeral de Costas.

Base 9. Depósito ou garantía

Esixirase depósito ou garantía aos adxudicatarios das autorizacións de escolas de surf, cando dita obriga resulte expresamente imposta polas administracións competentes.

IV. PROCEDEMENTO DE OUTORGAMENTO

Base 10. Procedemento de adxudicación

1. O outorgamento das autorizacións realizarase mediante procedemento aberto en réxime de concorrencia competitiva.
2. A selección atenderá ao maior interese e utilidade pública das propostas presentadas.
3. A convocatoria e as presentes bases serán obxecto de publicación no DOG, na sede electrónica municipal- taboleiro de anuncios e nos demais medios que procedan.

Base 11. Presentación de solicitudes

As persoas interesadas deberán presentar a súa solicitude no prazo de dez (10) días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación das presentes bases no DOG.

A presentación realizarase mediante solicitude conforme ao o Anexo I debidamente cumprimentado, ao que deberá acompañarse a documentación prevista na base 13 das presentes bases.

Base 12. Gastos do anuncio

O importe dos anuncios de licitación e demais gastos de publicidade que, se é o caso, resulten esixibles, será por conta dos adxudicatarios, distribuíndose proporcionalmente entre eles.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 13. Requisitos e documentación para presentar

As persoas ou entidades solicitantes deberán reunir, no momento de presentación da solicitude, os requisitos esixidos nas presentes bases e atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e sen débedas pendentes co Concello de Valdoviño e Deputación da Coruña.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Anexo I. Solicitude debidamente cumprimentada, con indicación dos datos da persoa solicitante: nome e apelidos, NIF/NIE e, se é o caso, acreditación da condición de representante voluntario ou legal cando se actúe en nome doutra persoa física ou xurídica.
- b) Certificados acreditativos de que a persoa ou entidade solicitante se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa ATRIGA e a AEAT, así como coa Seguridade Social.
- c) Declaración responsable de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- d) Documentación acreditativa da titulación, cualificación ou acreditación profesional do profesorado axeitada para a ensinanza do surf e disciplinas afíns, admitíndose as titulacións oficialmente válidas en España e aquelas outras que, procedentes de Estados membros da Unión Europea, resulten recoñecidas, homologadas ou legalmente aptas para o exercicio da actividade en territorio español, sen prexuízo da especial consideración da formación prevista na Resolución do 7 de febreiro de 2012, da Presidencia do Consejo Superior de Deportes, pola que se publica o plan formativo da modalidade deportiva de surf.
- e) Documentación acreditativa de dispoñer de seguro de responsabilidade civil fronte a terceiros e de seguro de accidentes, ambos vixentes na data de inicio do período solicitado, xunto co xustificante de pagamento da prima correspondente ao período en curso. Ditas coberturas deberán ser suficientes e adecuadas á natureza e alcance da actividade desenvolvida, de conformidade coa normativa vixente.
- f) Autorización ao Concello de Valdoviño para a comprobación de oficio de que a persoa ou entidade solicitante se atopa, no momento de presentación da solicitude, ao corrente no cumprimento das súas obrigas co propio Concello de Valdoviño e coa Deputación da Coruña.
- g) Documentación acreditativa de contar con monitor con formación en salvamento acuático segundo a normativa vixente, que deberá estar presente durante todo o tempo que dure a actividade na auga.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



- h) Certificado de estar a persoa ou entidade solicitante rexistrada, recoñecida ou homologada pola Federación Española de Surf, a Federación Galega de Surf ou calquera outra federación de ámbito autonómico.

Base 14. Criterios de valoración

As solicitudes valoraranse sobre un máximo de **100 puntos**, conforme aos seguintes criterios:

a) Plan de explotación, calidade do servizo e interese público da proposta: ata 30 puntos

Cada entidade deberá presentar un Plan de Explotación no que se propoñan actividades ou eventos con incidencia nos diferentes sectores da poboación.

Valorarase especialmente a calidade da prestación do servizo, atendendo, entre outros, aos seguintes aspectos:

- a variedade e novidade das actividades propostas.
- a incidencia en distintos sectores da poboación e en diferentes rangos de idade.
- a adopción das máximas medidas de seguridade.
- a repercusión da actividade desde o punto de vista turístico.
- o respecto polo medio natural na realización das actividades.

Así mesmo, valorarase a realización de actividades e eventos de interese para o municipio, con independencia do seu ámbito local, autonómico ou nacional, así como a impartición de cursos ou actividades en colexios de Valdoviño e en entidades asociativas municipais.

Dentro deste apartado, puntuarase especificamente a realización dunha actividade anual, en coordinación e previamente aprobada co Concello de Valdoviño, vinculada a algún dos seguintes ámbitos:

- educativo
- cultural
- servizos sociais
- medioambiental

Dita actividade deberá estar destinada á promoción social, cultural, deportiva e turística do municipio.

b) Cualificación do persoal: ata 15 puntos

Valoraranse a titulación, cualificación e formación do persoal adscrito á prestación do servizo.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



c) Medidas de seguridade e emerxencias: ata 15 puntos

Valoraranse as medidas previstas para garantir a seguridade no desenvolvemento da actividade, a organización de grupos, a prevención de riscos e a atención a incidencias ou emerxencias.

d) Medidas ambientais e de protección do litoral: ata 15 puntos

Valoraranse as medidas destinadas a minimizar o impacto da actividade sobre o medio natural, o respecto á contorna litoral e a adecuada xestión ambiental da actividade.

e) Criterio de arraigo: ata 25 puntos

Valorarase o vínculo preexistente entre a entidade solicitante e o municipio de Valdoviño, entendido como a existencia dunha implantación ou desenvolvemento previo da actividade de ensinanza ou escola de surf nunha ou varias praias do termo municipal, de forma que conste que a entidade non constitúe unha iniciativa actual, senón unha actividade con tradición no Concello e que contribuíu ao posicionamento e dimensión actual de Valdoviño no ámbito do surf.

O arraigo deberá acreditarse por cada solicitante no momento de presentación da solicitude. Para tal efecto poderán achegarse, entre outros documentos, licenzas ou autorizacións, solicitudes, instancias administrativas ou calquera outra documentación acreditativa suficiente.

Dentro deste criterio valoraranse:

e.1) Dispor de instalación permanente vinculada ao desenvolvemento da actividade no Concello de Valdoviño. Deberá acreditarse pola entidade solicitante no momento de presentación da solicitude.

e.2) Acreditar experiencia ininterrompida na actividade nas praias do Concello de Valdoviño durante un período mínimo de 3 anos. Poderá acreditarse no momento de presentación da solicitude mediante licenzas ou autorizacións, solicitudes, instancias administrativas ou calquera outra documentación suficiente.

Base 15. Regras de desempate

No caso de empate na puntuación obtida por dúas ou máis solicitudes, o desempate resolverase atendendo á orde de presentación das solicitudes.

Base 16. Comisión de valoración

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, por Decreto da Alcaldía convocarase a Comisión de valoración, para os efectos de examinar e valorar as solicitudes presentadas e de elevar posteriormente á Alcaldía a correspondente proposta de adxudicación.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



A Comisión de valoración estará integrada por:

Presidente:

Don Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño.

Vogais:

Dona Rosa Ana García López, Concelleira de Turismo.

Don Sergio Saavedra Gutiérrez, Concelleiro de Deportes.

Don José Juan López Becerra, Técnico municipal de deportes.

Dona Iria García Martínez, Educadora Familiar.

Secretaria:

Dona Carlota González Navarro, Secretaria do Concello de Valdoviño, que actuará dando fe do acto.

Base 17. Adxudicación

A adxudicación das autorizacións corresponderá á Alcaldía, atendendo á proposta formulada pola Comisión de valoración.

A resolución de adxudicación será notificada ás persoas interesadas e adquirirá firmeza desde a recepción de notificación por quen resulte adxudicatario, condicionada, en todo caso, ao ingreso, no prazo de quince (15) días, na conta que se sinala para o efecto, de todas as cantidades económicas que se deriven da dita adxudicación.

A falta de ingreso no referido prazo impedirá que a adxudicación adquira firmeza.

V. DEREITOS E OBRIGAS

Base 18. Dereitos do adxudicatario

O titular terá dereito a desenvolver a actividade autorizada dentro dos límites das presentes bases, da resolución de adxudicación e da resolución habilitante e demais normativa de aplicación.

Base 19. Obrigas esenciais

Serán obrigas esenciais do adxudicatario:

- a) desenvolver exclusivamente a actividade autorizada.
- b) respetar o uso público xeral da praia.
- c) non implantar instalacións fixas nin elementos non autorizados.
- d) manter a zona e a súa contorna inmediata en perfecto estado de limpeza.
- e) dispoñer durante toda a vixencia da autorización dos seguros, medios persoais e materiais comprometidos.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



- f) cumprir as limitacións de ocupación, as condicións ambientais e as medidas de seguridade que resulten aplicables.
- g) facilitar a inspección municipal e a das demais administracións competentes.
- h) retirar os elementos autorizados cando proceda e restituír a zona ao seu debido estado.
- i) non manter débedas pendentes co Concello de Valdoviño, circunstancia que poderá ser comprobada de oficio polo propio Concello.
- j) aboar o importe correspondente ao canon de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, na forma e contía que determine a dita Administración en cada momento.
- k) realizar en coordinación co Concello de Valdoviño e previa aprobación da entidade local, polo menos unha actividade anual de entre as propostas no seu Plan de explotación e promoción do deporte;
- l) manterse durante toda a vixencia da autorización ao corrente no cumprimento das súas obrigas fiscais, coa Seguridade Social, Concello de Valdoviño e Deputación da Coruña.
- m) dispoñer durante todo o desenvolvemento da actividade dos elementos identificativos do profesorado e do alumnado, así como de polo menos un monitor con titulación en salvamento acuático durante todo o tempo en que a actividade se desenvolva na auga.

Base 20. Obrigas ambientais

A actividade deberá desenvolverse con pleno respecto á contorna litoral, ao sistema dunar, aos accesos e aos demais valores ambientais e paisaxísticos.

Prohíbense verteduras, amoreamentos indebidos, ocupacións non autorizadas e calquera actuación que supoña deterioración do dominio público ou dos seus elementos naturais.

Os adxudicatarios deberán adoptar medidas de limpeza, prevención e retirada de residuos e actuar co menor impacto posible.

Base 21. Persoal, identificación e seguridade

O adxudicatario deberá dispoñer de persoal suficiente e cualificado, así como de medios adecuados para garantir a seguridade da actividade, a correcta organización de grupos e a atención a incidencias ou emerxencias.

Así mesmo, as entidades autorizadas deberán contar durante todo o período da actividade con elementos identificativos propios, mediante o uso de licras ou pezas identificativas de cor, nas que figure de forma visible o nome da entidade.

Deberá diferenciarse de forma clara o profesorado do alumnado, mediante elementos identificativos distintos que permitan a súa inmediata identificación.

Será obrigatorio contar durante todo o tempo en que se desenvolva a actividade na auga coa presenza efectiva de polo menos un monitor con titulación en salvamento acuático en vigor.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Así mesmo, deberán cumprirse en todo momento as condicións de seguridade que determinen os servizos municipais competentes e, en particular, o Servizo Municipal de Emerxencias e Protección Civil, a Policía Local ou calquera outra autoridade municipal competente.

Base 22. Prohibición de cesión

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas, transmitidas, arrendadas nin explotadas por persoa distinta da adxudicataria sen autorización expresa do Concello e, se é o caso, da administración competente.

Base 23. Inspección e control

O Concello poderá inspeccionar en calquera momento o desenvolvemento da actividade e o cumprimento das condicións impostas. Así mesmo, o adxudicatario quedará sometido ás actuacións de comprobación, vixilancia e inspección das restantes administracións competentes.

Base 24. Comunicación á administración competente

Con carácter previo ao inicio da explotación por terceiros, o Concello de Valdoviño comunicará ao órgano competente a relación nominal de adxudicatarios e demais extremos esixidos pola resolución habilitante.

VI. EXTINCIÓN E RÉXIME FINAL

Base 25. Causas de suspensión, revogación ou extinción

Serán causas de suspensión, revogación ou extinción:

- a) transcurso do prazo.
- b) a renuncia do titular.
- c) o incumprimento das presentes bases ou da resolución habilitante.
- d) a falta de pagamento do canon, determinada en cada caso pola Demarcación de Costas do Estado ou órgano competente.
- e) a falta de depósito previo á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, para o caso de ser esixido.
- f) a realización de actividades distintas das autorizadas ou a alteración dos usos autorizados.
- g) a desatención dos requirimentos realizados polos servizos municipais competentes.
- h) a perda de vixencia, modificación, suspensión ou revogación da resolución habilitante.

En todo caso, a suspensión, revogación ou extinción da autorización será compatible coa incoación e instrución do correspondente procedemento sancionador, así como coa esixencia das responsabilidades que, se é o caso, deriven del.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



Base 26. Efectos da perda da resolución habilitante

A perda de vixencia, modificación, suspensión ou revogación da resolución habilitante da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, determinará a ineficacia sobrevivida, adaptación, suspensión ou extinción das autorizacións municipais outorgadas ao abeiro das presentes bases, sen dereito a indemnización fronte ao Concello.

Base 27. Publicidade

A convocatoria e as presentes bases serán obxecto de publicación no DOG, na sede electrónica municipal-taboleiro de anuncios e demais medios que procedan.

Base 28. Protección de datos

Os datos persoais tratados no presente procedemento serán xestionados de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos persoais.

Base 29. Recursos

Contra os actos administrativos ditados no presente procedemento poderán interpoñerse os recursos administrativos e contencioso-administrativos que procedan conforme á lexislación vixente.



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



ANEXO I. SOLICITUDE

Datos da persoa solicitante

Nome e apelidos / Denominación social: _____

NIF/NIE/CIF: _____

Domicilio: _____

Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

Representación

Nome e apelidos da persoa representante, se é o caso: _____

NIF/NIE: _____

Documento acreditativo da representación: _____

Autorización para comprobación de datos

A persoa solicitante autoriza expresamente ao Concello de Valdoviño para comprobar de oficio se se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas co propio Concello de Valdoviño e coa Deputación da Coruña. No caso de non autorizar a dita comprobación, deberá achegar a documentación acreditativa correspondente.

☐ Si

☐ Non

EXPÓN

Que, á vista da convocatoria para o outorgamento, en réxime de concorrência competitiva, de autorizacións municipais para a prestación de actividades de ensinanza de surf e disciplinas afíns nas praias do termo municipal de Valdoviño, reúne os requisitos esixidos e acompaña a documentación requirida.

SOLICITA

Ser admitido/a no procedemento para o outorgamento de autorización municipal para escola de surf no termo municipal de Valdoviño.

En _____ a ____ de _____ de 2026

Sinatura



Concello de Valdoviño (A Coruña)

Avda. Porta do Sol, 25 - 15552
Tel.: 981487041 - Fax: 981487294
www.concellodevaldovino.com



ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D.^a _____ con DNI/NIF nº _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

- Que reúne plena capacidade de obrar.
- Que non se atopa incurso/a en prohibición legal para obter autorizacións administrativas.
- Que se atopa dado/a de alta na actividade económica correspondente.
- Que dispón de seguro de responsabilidade civil vixente e, se é o caso, de seguro de accidentes.
- Que coñece e acepta integramente as presentes bases, a convocatoria e a Resolución da directora territorial da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, do 18 de febreiro de 2026.
- Que asume expresamente que o canon por utilización ou aproveitamento do dominio público marítimo-terrestre corresponde á Administración xeral do Estado e que procederá á súa liquidación e aboamento ante o órgano competente, así como os legalmente esixibles.
- Que se compromete a desenvolver a actividade sen instalacións fixas e con pleno respecto ao uso público xeral, á seguridade e ao medio litoral.
- Que non mantén débedas pendentes co Concello de Valdoviño nin Deputación da Coruña na data de presentación da solicitude.

E para que así conste, asina a presente en _____ a ____ de _____ de 2026

Sinatura